



## Vilcabamba 2012/2013

### A reaparición de Sendero Luminoso e as intensas chuvias condicionan o proxecto de desenvolvemento

#### A situación en Vilcabamba:

Nos últimos anos incrementouse a actividade de grupos terroristas financiados polo narcotráfico no territorio coñecido como VRAEM (formado polos vales dos ríos Apurímac, Ene e Mantaro) con accións armadas en **Vilcabamba**.

No territorio de **Vilcabamba** comezou a operar a guerrilla encabezada por Víctor Quispe Palomino, que é o xefe dun clan ayacuchano vinculado historicamente a Sendero Luminoso, integrado polos seus irmáns e outros membros da familia; que conseguiron incorporar campesiños á súa loita ata reunir máis de trescentos guerrilleiros, que se moven en columnas de trinta a corenta, cunha importante proporción de mulleres e algúns nenos de catorce e quince anos. Decláranse continuadores do antigo "Partido Comunista do Perú Sendero Luminoso; aínda que nesta nova etapa proclaman o seu respecto a poboación civil e ata o momento só atacaron policías e militares.

A noite do 6 de febreiro de 2012 atacaron a comisaría de Pucyura, a capital do distrito de **Vilcabamba** -a douscentos metros da Casa de Labañou Solidaria- durante cinco horas con armas automáticas e granadas. Chovía moito e unha derruba na estrada atrasou a

chegada de reforzos. Houbo só dous policías feridos porque alguén que viu a varios homes armados preparando o ataque os avisou e tiveron tempo de protexerse. Pero a intención dos senderistas, en opinión de todos, era matar os dez policías e levar as súas armas.

Un pouco mais ao norte, en Kepashiato, o 10 de abril a guerrilla de Quispe Palomino secuestrou trinta e seis traballadores das empresas que explotan o depósito de gas de Camisea. Ceibáronos axiña tras utilizalos como cebo nunha sanguenta emboscada contra o exército. En

pouco máis de quince días en ataques a helicópteros e emboscadas mataron oito policías e militares na rexión do VRAEM. Todo un reto ao estado e o goberno reaccionou instalando en varios lugares da provincia

destacamentos militares coordinados por un xeneral dende Quillabamba; e creando novas comisarías e bases militares, entre elas dúas en **Vilcabamba**, en

Pucyura e en Carco; e promulgouse un toque de queda entre as 9 da noite e as 5 da mañá en parte do territorio.

Algunhas axencias paralizaron o envío de turistas a **Vilcabamba**. Isto provocou unha freada moi importante ao proxecto de turismo vivencial que Labañou Solidaria viña promovendo no val de **Vilcabamba**, incluíndo a paralización do proxecto de turismo social que tiñamos acordado coa Dirección Rexional de Turismo do Cusco.



Posto de policía en Pucyura tras o ataque de Sendero Luminoso



### Derrumbes nos accesos a Vilcabamba

O Perú experimenta un importante crecemento económico; e **Vilcabamba** está a recibir importantes ingresos económicos precedentes do canon gasífero de Camisea (lugar da selva próximo a Vilcabamba, onde se extraen enormes cantidades de gas por multinacionais) e que está a modificar o problema central do desenvolvemento en **Vilcabamba**: dun problema de pobreza extrema, de falta de recursos económicos a un problema de capacidade técnica e política para facer un aproveitamento axeitado deses novos recursos económicos. **Vilcabamba** xa non é o que nos encontramos en 1999 cando fomos por primeira vez. A administración dispón de diñeiro pero dispón de poucos técnicos cualificados para desenvolver os proxectos e poñelos en marcha. O maior problema vén sendo que esa riqueza se distribúa equitativamente entre a poboación para aliviar as bolsas de pobreza extrema que continúan existindo e que os investimentos se realicen a longo prazo e sexan sostibles. Pola nosa banda seguiremos promovendo que a poboación sexa esixente reclamando a satisfacción dos seus dereitos ás autoridades e que sexa dende as propias comunidades dende onde se propoña de forma participativa á municipalidade a posta en marcha de proxectos de desenvolvemento

Nas estradas de acceso a **Vilcabamba**, producíronse continuadas derrubas a causa das chuvias que

provocaron a morte de varias persoas. Un grave problema para a poboación, que durante semanas tivo que franquear os pasos mediante a instalación de perigosas oroyas e ser abastecida por helicóptero.

## Situación da nosa ONG

No noso país a crise económica golpea con forza e afectounos como ONG. A Xunta de Galicia, reduciu á mínima expresión o diñeiro destinado a cooperación ao desenvolvemento. A única subvención pública que recibimos foron 4.600 Euros do Concello da Coruña.

A crise tamén reduciu o número de socios e as súas achegas económicas á nosa ONGD.

## As nosas Perspectivas

As circunstancias obrígnos a reformular o noso papel e adaptar os nosos obxectivos ás novas circunstancias. Nesta fase non poderemos asumir grandes investimentos en recursos económicos e materiais; pero si podemos achegar moito en asesoría técnica, co obxectivo de que os actores locais (poboación, técnicos e institucións



Oroya, Sistema para salvar barrancos

locais) manteñan no futuro de forma sostible e autónoma os proxectos iniciados por Labañou Solidaria hai xa 14 anos; e para que poñan en marcha proxectos novos que contribúan a mellorar a calidade de vida da poboación respectando o medioambiente e a cultura.

## O que fixemos no 2012

### Capacitación agropecuaria

Continua en marcha o noso proxecto da chacra ecolóxica, de hortos familiares e saúde alimentaria, grazas ao traballo encomiable do técnico agropecuario (ing. Sulpicio Flores) que temos contratado en Perú e

que continuou coa súa presenza en **Vilcabamba** cos talleres de capacitación e seguimento do proxecto. En 2012 vinte e seis familias dos lugares máis pobres beneficiáronse do proxecto. Elaborouse e distribuíu un folleto divulgativo do horto ecolóxico.

## Casa Labañou en Pucyura

A Casa Labañou mantívose como un recurso moi valioso para a comunidade, centro de capacitación e uso das organizacións comunitarias e da municipalidade, onde se mantén o horto demostrativo. Continúan as negociacións co Ministerio de Cultura coa oferta de cesión da Casa de Labañou en Pucyura para a creación dunha escola de agroecoloxía e restauración de restos arqueolóxicos.

### Microcréditos solidarios

Mantense o fondo de microcréditos, xa en mans do Grupo Xerador de Avance Distrital (GGAD), despois de realizarse a quinta convocatoria para microproxectos con perspectiva de xénero e participando Labañou Solidaria na Comisión de Seguimento..

### Convenio coa Municipalidade

Amplíouse o convenio de colaboración coa municipalidade, cedendo Labañou Solidaria uns espazos na Casa Labañou para oficina de promoción turística, asumindo a municipalidade o mantemento e guardesía da Casa Labañou.



Café



Horto demostrativo na casa de Labañou en Vilcabamba

Igualmente estableceuse unha "Folla de ruta" coa municipalidade co obxecto de compartir un diagnóstico de situación, así como os obxectivos, actividades e proxectos que Labañou Solidaria vén promovendo en Vilcabamba, co obxecto de ir traspasando a iniciativa e o protagonismo á propia comunidade vilcabambina.

### San Miguel

Durante o 2012 non puidemos achegarnos a San Miguel pero o proceso vai collendo forma sen a nosa presenza. As propias familias e asociacións puxéronse en marcha e comezan a esixir o apoio das autoridades e a autoorganizarse para acceder ao mercado do café orgánico e de comercio xusto. Que sexan donos e donas do seu propio proceso mellora os niveis de compromiso e a sostibilidade das actuacións. Por outro lado no 2013 prestaremoslles unha asistencia técnica durante dous meses por parte de persoal voluntario especializado enviado dende aquí. Con esta asistencia técnica perseguimos que este proxecto se integre nos circuitos de investimento de fondos públicos peruanos, que sexa o propio país quen financie o seu desenvolvemento (ante os case nulos fondos para cooperación que se manteñen en España) e que sexa a poboación quen esixa dende abaixo ás súas autoridades o modelo de desenvolvemento que desexa para a súa comunidade

## Labañou Solidaria na Coruña

No mes de xuño un compañeiro de Labañou Solidaria viaxou a Vilcabamba para facer o seguimento dos proxectos, asumindo este o custo da súa viaxe a Perú.

Na Coruña, como todos os anos, se realizou a sardiñada solidaria no barrio de Labañou, coa colaboración da

Asociación de veciños, para divulgar o proxecto e obter fondos económicos. Por outro lado participamos como membros da mesa do Comercio Xusto na celebración do día do Comercio Xusto na rúa xunto a outras organizacións da Coordinadora Galega de ONGs.

# Informe Económico do Ano 2012

A cordilleira de Vilcabamba encontrase a uns 350 Km ao noroeste de Cusco.

O Distrito de Vilcabamba ten unha poboación de 17.832 habitantes no ano 2010, 52,54% de homes e 47,46% de mulleres, segun INEI (*Instituto Nacional de Estadística e Informática*) do Perú, nunha extensión de 23.000 km<sup>2</sup>.

A capital da provincia e Quillabamba



## Ingresos 2012

Cuotas Socios	6.594,00
Doazóns Particulares	744,00
Doazon La Caixa	400,00

Sardiñada Solidaria en Labañou	1.053,45
Propaganda e Mercadillo 2 Mao	139,00


Subvención Concello de A Coruña	4.600,00
Proxecto Chacra Ano 2012	

**Total Ingresos: 13.530,45**

Saldo Ano 2011 España 10.934,40

Saldo Ano 2011 Perú en € 945,93

**Total Fondos Ano 2012 25.410,78**



## Gastos 2012

Salario Técnicos Perú	5.726,28
inclúe proxecto chacra	
Proxecto Chacra	1.014,78

Mantemento Casa en Perú	165,75
Gastos Xerais Perú	516,84
Gastos Bancarios Perú	92,87

Técnicos España 1.868,66

Propaganda	78,50
Gastos Xerais España	251,06
Gastos Bancarios España	564,43

**Total Gastos: 10.279,17**

**Saldo Ano 2012: 15.131,61**

Fondos España 2013	13.924,20
Fondos Perú en € 2013	1.208,35
<b>Total Fondos 2013</b>	<b>15.132,55</b>

**Coñécenos, Colabora, Faite Socio/a ...**

[www.labanousolidaria.org](http://www.labanousolidaria.org)

[labanousolidaria@gmail.com](mailto:labanousolidaria@gmail.com)

Asociación Labañou Solidaria, Rúa Nosa Sra. do Perpetuo Socorro, 13 baixo 15011 A Coruña

Luis Astray (8 a 15 h.)

Tfno. 981 268 384.

Aportacións a Labañou Solidaria:

Concha Sánchez

Tfno. 628 416 644.

Nº CC.- 2091-0716-30-3040001223